

Convoca e organizan:



GALA DO TURISMO E A GASTRONOMÍA 2010

ENTREGA MEDALLAS DAGDA 09

BASES DA CONVOCATORIA

A Asociación Galega de Xornalistas e Escritores de Turismo e a Revista Hostelería Galega & Turismo, convocan conxuntamente os Premios Dagda-HG&T-AGAXET de Turismo e Gastronomía 2009, na súa duodécima edición.

Os Premios Dagda-hg&t-agaxet de Turismo e Gastronomía recollen a testemuña dos Premios HG&T concedidos dende 1998 e ata o ano 2006 pola revista sectorial especializada Hostelería Galega & Turismo.

Establécense dez categorías (anexo 1: cupón de propostas) e un premio especial á mellor iniciativa intersectorial que será outorgado libremente polo equipo da redacción da Revista HG&T.

As candidaturas nas diferentes categorías serán aportadas polos lectores da publicación a través do boletín de propostas que inclúe a revista, e as aportacións de colectivos empresariais e profesionais do sector en Galicia. Todas as propostas serán avaliadas por unha Comisión integrada por unha representación de todos os colectivos empresariais e profesionais do sector que se convoquen e asistan, encabezados por membros da Comisión de Premios e Galardóns da Asociación Galega de Xornalistas e Escritores de Turismo, que conxuntamente consensuarán as nominacións ós Premios Dagda de Turismo e Gastronomía nas distintas categorías.

As candidaturas en cada categoría serán sometidas á votación dun xurado integrado por representantes dos empresarios de hostelería de Galicia, representantes de colectivos profesionais do sector e xornalistas membros da Asociación de Xornalistas e Escritores de Turismo.

O Presidente da Asociación de Xornalistas e Escritores de Turismo, á súa vez, Director da Revista Hostelería Galega & Turismo, será o Presidente do Xurado, con voz pero sen voto persoal, agás o de calidade se fose preciso en casos de empate. Os membros do xurado poderán delegar o seu voto na Presidencia do Xurado dos Premios, mediante comunicación expresa polo medio que estimen oportuno.

Emitidos todos os votos estes serán recollidos e cuantificados por un Notario que custodiará o resultado da votación ata a data da celebración en Pontevedra da Gala do Turismo e a Gastronomía na que se darán a coñecer os gañadores.

O Notario responsable do resultado da votación do xurado dos Premios de Turismo e Gastronomía Dagda-hgt-agaxet só o porá en coñecemento da empresa responsable da organización da Gala do Turismo e Gastronomía, Seminario para a Formación e Promoción da HG&T, SL (CIF B36322634), ós únicos efectos de organizar o evento de entrega dos recoñecementos.

A entidade convocante dos Premios Dagda-hg&t-agaxet resérvase o dereito a interpretar as presentes bases dentro do marco conceptual que ampara a convocatoria destes galardóns.

Pontevedra, 1 de xullo de 2009